

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2015

*Xosé Fernando Filgueira Valverde*



XUNTA DE GALICIA

## XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Política Lingüística  
EPA Río Lérez, Pontevedra

### Coordinadora:

Cristina Martín Trigo

### Equipo de profesores colaboradores:

Xosé Antón Corderí Rodríguez  
Cristina Martín Trigo  
Carlos Medina Filgueira

### Autoría:

Juan Carlos Fernández López  
José Manuel Riveiro Garrido  
Mercedes del Valle Tineo  
Hilda Sánchez Rojas  
M.ª Dolores Pisos Aldao

### Foto da portada:

Xurxo Lobato

Dep. legal: C 503-2015



# Presentación

*Non lle poñades chatas á obra namentras non se remata.  
O que pense que vai mal que traballe nela.  
Hai sitio para todos.*

Estas fermosas palabras constitúen o pé dunha das cincuenta estampas que Castelao reuniu no álbum *Nós*. Nela observamos unha imponente figura escultórica na que traballan arreo varias persoas. Ben puidera ser que un dos artistas que Castelao imaxinou tallando a esfinxe do país, moldeando con agarimo os seus perfís, fose un dos seus alumnos máis avantaxados: Xosé Fernando Filgueira Valverde, o persoeiro que este ano merece a homenaxe do Día das Letras Galegas.

Dende moi novo, entendeu o ilustre polígrafo pontevedrés que a inxente e comunal obra de construción de Galicia lle tiña reservado un sobranceiro lugar e, traballador consecuente, decidiu entregarse con paixón á causa. En institucións tan relevantes para o país como o Seminario de Estudos Galegos, o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, o Museo de Pontevedra ou o Consello da Cultura Galega ficou a pegada indeleble de Filgueira Valverde. A mesma pegada que deixou nunha obra enciclopédica —máis de dúas mil citas bibliográficas— que abrangue pezas de creación literaria e traballos de investigación en ámbitos como a filoloxía, a historia, a historia da arte, a arqueoloxía, a música ou a antropoloxía.

Achegar a vasta obra e a intensa biografía de Filgueira Valverde ao estudantado galego e, en xeral, ao público interesado debe ser o principal obxectivo das homenaxes que se lle tributen ao abeiro do Día das Letras Galegas 2015.

Un grupo de alumnos e profesores do Centro de Educación Permanente de Adultos Río Lérez de Pontevedra quixemos sumarnos aos actos de recoñecemento a quen fora ilustre veciño da nosa cidade coa elaboración dos materiais que integran esta exposición. Comprende 10 carteis e unha guía didáctica, na que se mostran distintas actividades sobre cada un dos carteis, unha sección final de bibliografía e unha selección de ligazóns web que completan e complementan a información ofrecida.

Visto o elevado número de actividades, máis de sesenta, que propoñemos e os diversos ámbitos abordados, non se ofrece unha secuenciación en niveis; a opción queda aberta para que sexa o profesor quen faga a súa escolla en función do nivel do alumnado e o do centro de interese polo que opte na poliédrica oferta de tan fecunda obra.

Só nos queda lembrar outra volta a sentenza do mestre Castela: "Hai sitio para todos". E habendo sitio para todos, por forza, tiña que haber un lugar de privilexio para reivindicar a sabedoría xenerosa de Xosé Fernando Filgueira Valverde.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega da EPA Río Lérez



## Día das Letras Galegas a Xosé Filgueira Valverde

4/07/14 | Actualidade: **Novas** |

O escritor e historiador pontevedrés é autor dunha extensa obra de carácter divulgativo que o converte nunha das figuras centrais da cultura galega do século XX.



Xosé Filgueira Valverde.

Escritor prolífico e dotado dunha grande erudición, a súa inxente produción abrangue unha ampla diversidade de temas, tratados sempre con gran rigor intelectual, entre os que salientan as súas achegas á nosa historia e etnografía, así como ao estudo da literatura galega medieval. Firmemente comprometido na defensa e promoción da nosa cultura, o legado intelectual de Filgueira Valverde constitúe, pola súa amplitude e calidade, un dos máis importantes da segunda metade do século XX.

Nado en Pontevedra en 1906 e finado na mesma cidade en 1996, Xosé Fernando Filgueira Valverde foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, director do Museo de Pontevedra, alcalde da mesma cidade e, xa na democracia, conselleiro de Cultura.

Escritor prolífico e dotado dunha grande erudición, a súa inxente produción abrangue unha ampla diversidade de temas, tratados sempre con gran rigor intelectual, entre os que salientan as súas achegas á nosa historia e etnografía, así como ao estudo da literatura galega medieval.

Así saudou o autor homenaxeado a Real Academia Galega con ocasión da súa elección para a efeméride:

[http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset\\_publisher/E4jf/content/id/274454](http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/id/274454)

1. Le a nova anterior e contesta. Repara tamén no cartel 1:

- Recupera os títulos das obras de Filgueira Valverde que contén o cartel 1 e clasifícaaas segundo se trate de obras creación ou de investigación.
- Busca datos sobre o seu contido e ano de edición.

- Indica que quere dicir a Real Academia Galega (en diante, RAG) cando se refire a Filgueira Valverde como "escritor prolífico e dotado dunha grande erudición".

- Xustifica con datos a aseveración da RAG: "a súa inxente produción abrangue unha ampla diversidade de temas".

- Busca dentro da súa obra títulos que poderías clasificar nos seguintes eidos: "historia e etnografía, así como ao estudo da literatura galega medieval" (o subliñado é noso).

2. Nesta ligazón pódense consultar datos sobre o seu ingreso na RAG, da que formou parte dende o ano 1941:

[http://www.realacademiagalega.org/plenario?p\\_p\\_id=ManageChairs\\_WAR\\_ragportal&p\\_p\\_lifecycle=0&p\\_p\\_state=normal&p\\_p\\_mode=view&p\\_p\\_col\\_id=column-1&p\\_p\\_col\\_count=1&ManageChairs\\_WAR\\_ragportal\\_action=showAcademic&ManageChairs\\_WAR\\_ragportal\\_selLetter=F&ManageChairs\\_WAR\\_ragportal\\_id=335](http://www.realacademiagalega.org/plenario?p_p_id=ManageChairs_WAR_ragportal&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=1&ManageChairs_WAR_ragportal_action=showAcademic&ManageChairs_WAR_ragportal_selLetter=F&ManageChairs_WAR_ragportal_id=335)

- Sinala o título do discurso que pronunciou no seu ingreso na institución. Con que ámbito dos mencionados no punto 5 da actividade 1 o relacionarías?

- Que persoeiro foi o encargado de responder a este discurso de ingreso na RAG?

- Que persoas ilustres da cultura galega ocuparon esta cadeira antes e despois de Filgueira?

## Cartel 2 • Actividades

### A infancia e a adolescencia. O seu paso polo Instituto General y Técnico de Pontevedra



1. Escribe a biografía de Filgueira Valverde centrándote na súa infancia e adolescencia (1916-1922, instituto) e nos anos de formación universitaria (1922-1928).

2. O seu paso como alumno polo Instituto General y Técnico de Pontevedra. Que relación tivo con Antón Losada Diéguez? E con Castelao?

3. Se queres saber máis sobre o intelectual ourensán, le na sección "Mestres e amigos" do *Segundo Adral* (1981) a breve descrición biográfica "Lousada Diéguez" (pp. 415-417) escrita por Filgueira.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 1985

4. Filgueira Valverde consideraba a Castelao un "artista integral", segundo podemos ler en "Castelao" (pp. 424-426), colaboración inserida no *Segundo Adral* (1981). Xustifica esta afirmación de Filgueira.

- Presta atención á edición de *Quintana viva* (1971) da Ed. Galaxia onde aparecen ilustracións de Castelao. En que partes da obra están? Recupéras e coméntaas.

- A quen lle dedicou Filgueira o *IV Adral*? No segundo andar do Sexto edificio do Museo de Pontevedra hai unha Sala Castelao. Que podes atopar na visita? Vai á actividade 2 do cartel 8.

5. A ambos os dous persoeiros (Losada e Castelao) tamén se lles dedicou o Día das Letras Galegas? En que ano?


6. Investiga arredor da relación de Filgueira Valverde coa Coral Polifónica de Pontevedra.

### Os anos universitarios

7. Sinala que estudos universitarios cursou e en que universidades.

8. A figura do mestre: Armando Cotarelo Valledor. Procura información e analiza a relación que se estableceu entre mestre e discípulo.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 1984



9. As primeiras incursións de Filgueira na escrita. En que revista escolar compostelá publica a súa primeira colaboración? Anota o ano, o título da revista e o personaxe en que centrou o artigo.

Podes consultar:

[http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira\\_valverde/ga.99000500.html](http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira_valverde/ga.99000500.html)

- Que gran polígrafo do século XIX morrera ese ano?

10. En que xornal vigués publicou con 19 anos os seus primeiros contos? Estes contos reuníronse nun libríño titulado...

### A carreira docente

11. En que centros educativos foi profesor? Comenta o seu paso por Barcelona, Lugo e Pontevedra.

12. Imos deternos na súa actividade docente no Instituto General y Técnico de Pontevedra, logo Instituto Valle-Inclán e despois Instituto Sánchez Cantón (1940-1976) con Germán Torres de Aboal, que retrata así o seu paso polo centro pontevedrés:

*"as súas clases ben pensadas e ben preparadas ían máis alá do que un mero listado de datos e de obras, de coñecementos ríxidos e puramente memorísticos; a el interesáballe que o alumnado coñecese directamente a obra dos distintos autores, que reflexionase sobre ela, que observara a súa influencia e se fixase no contexto histórico e social. Foi un dos introdutores do comentario de textos, do teatro escolar, do emprego das bibliotecas e arqui-*

## Cartel 2 • Actividades

*vos, da creación das bibliotecas e arquivos, da creación das bibliotecas de aula, dos alumnos bibliotecarios ou encargados da biblioteca (...). Ademais, xa como Director, pero tamén como profesor, organizaba saídas, excursións, viaxes culturais; preocupouse pola Educación Física e o deporte (o seu Instituto foi pioneiro e campión a nivel nacional das competicións escolares); tamén amosou interese pola actividade musical por medio de audicións e concertos (recordemos a creación do Coro Cantores do Instituto), a utilización do cine, a creación dun gabinete médico escolar..." (Germán Torres de Aboal: "Filgueira Valverde, semblanza dun educador", en Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia)*

- Valora, tendo en conta os anos en que lle toca exercer esta profesión, a importancia da súa concepción da clase e das actividades con que complementaba o seu labor docente (música, deporte, saídas, biblioteca, teatro etc.)



Viaxe a Londres con alumnos do instituto, 1975

## Cartel 2 • Actividades

13. A lenda de Teucro e a fundación da cidade de Pontevedra:

- A continuación presentámosche tres imaxes que teñen que ver co heroe grego e a súa proxección na cidade. Dúas están vinculadas á obra de Filgueira. Descúbreas.



- Na fachada do Concello de Pontevedra pódese ler:

FVNDOTE TEVCRO VALIENTE  
DE AQVESTE RIO EN LA ORILLA  
PARA QUE EN ESPAÑA FVESES  
DE VILLAS LA MARAVILLA  
DEL ZEBEDEO LA ESPADA  
CORONA TU GENTILEZA  
VN CASTILLO PVENTE Y MAR  
ES TIMBRE DE TV NOBLEZA

- Reescribe o texto en galego e busca información sobre a lenda.
- Sigue o rastro de Teucro pola Pontevedra actual e busca a súa pegada nos nomes de organismos, entidades deportivas, comercios etc. Apunta os que atopaches.

## O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

1. Velaquí un retrato de grupo do Seminario de Estudos Galegos. Nel vemos a 17 persoeiros. Debes identificalos, xunta cada nome co número que lle corresponde.

Lembra que Filgueira Valverde estivera entre os seis estudantes que participaron na excursión á Casa do Castro de Ortoño.




9 de abril de 1928



- |                             |                             |
|-----------------------------|-----------------------------|
| — 1. S. GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ | — 10. B. F. OSORIO TAFALL   |
| — 2. X. CARRO GARCÍA        | — 11. X. ÁLVAREZ LIMESES    |
| — 3. R. OTERO PEDRAYO       | — 12. VICENTE RISCO         |
| — 4. L. PINTOS FONSECA      | — 13. I. PARGA PONDAL       |
| — 5. S. CABEZA DE LEÓN      | — 14. X. NOVAS GUILLÁN      |
| — 6. A. LOSADA DIÉGUEZ      | — 15. R. CARBALLO CALERO    |
| — 7. A. FRAGUAS FRAGUAS     | — 16. A. MORALEJO LASO      |
| — 8. X. ARIAS SANXURXO      | — 17. X. FILGUEIRA VALVERDE |
| — 9. F. LÓPEZ CUEVILLAS     |                             |

## Cartel 3 • Actividades

2. A Real Academia Galega, con ocasión do aniversario do Seminario de Estudos Galegos, publicou no ano 2013 (15/10) a seguinte nova: [http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset\\_publisher/E4jf/content/id/189660](http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/id/189660)



24 de maio de 1927

- Unha vez que a leas, responde:

- Un grupo de estudantes e profesores da Universidade de Santiago de Compostela coincidiu un 12 de outubro de 1923. Onde? Por que elixiron este lugar para o seu encontro?

## Cartel 3 • Actividades

- Pasados uns días, tivo lugar a reunión constituínte do Seminario de Estudos Galegos. Onde se formalizou e en que data?
- Que membros integraban o grupo inicial? Identifícaos no retrato.
- Que obxectivos marcaron para as súas futuras actuacións?
- En cantas seccións se dividiu o Seminario de Estudos Galegos (en diante, SEG)?
- Cal pasou a presidir Filgueira Valverde?
- Detémonos nos nomes dos responsables de cada sección. Pon á beira de cada sección o nome do que foi o seu coordinador ou director:

FILOLOXÍA  
ARTE E LETRAS  
ETNOGRAFÍA  
HISTORIA

PREHISTORIA  
XEOGRAFÍA  
HISTORIA DA ARTE  
PEDAGOXÍA

CIENCIAS APLICADAS  
CIENCIAS NATURAIS

CIENCIAS SOCIAIS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS- LUIS IGLESIAS-  
VICENTE RISCO- OTERO PEDRAYO- MANUEL  
DÍAZ ROZAS- LOIS TOBÍO- ARMANDO COTARELO  
VALLEDOR- CASTELAO- CABEZA DE LEÓN- XESÚS  
CARRO- MANUEL GÓMEZ ROMÁN

- Onde tivo a súa sede o SEG?

3. Sobre a súa importantísima achega á cultura galega instrúenos o seguinte texto da Real Academia Galega:

*"Ningún aspecto da realidade galega semellou resultar alleo ao interese dos membros do Seminario, que afondaron en temáticas que xa gozaban de certa tradición entre nós, como os estudos históricos, arqueolóxicos e literarios, e inauguraron para a nosa cultura liñas de estudo que fícaran case ermas ata ese momento, como as matemáticas, a química, a astronomía ou a economía, materias tratadas todas elas seguindo as teorías e técnicas de investigación máis avanzadas no seu tempo, nun esforzo conxunto por elevar o nivel da nosa cultura ata homologalo co internacional."*

[http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset\\_publisher/E4jf/content/id/189660](http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/id/189660)

- O SEG apostou pola lingua galega para facer traballo científico. Valora o estado actual do uso do galego no ámbito científico e técnico.

4. Filgueira Valverde participou no ano 1932 como membro dunha comisión cuxo obxectivo era fixar os criterios que levarían á unificación da lingua e da ortografía galegas.

- Investiga, coa axuda do profesor, sobre os conceptos normativización, lingua normativa, normas ortográficas e morfolóxicas vixentes na actualidade.
- A que institución se lle reconece agora o criterio de autoridade para establecer ou revisar a normativa do idioma galego?

Tamén impartiu, ao principio do ano seguinte, un curso de 15 leccións na Facultade de Letras. Foi o primeiro que se ditou na universidade compostelá.

- Sobre que versou?

5. Comenta os dous fragmentos seguintes:


*"Pódese dicir que o Seminario de Estudos Galegos é unha institución que pertence á mesma árbore xenealóxica que iniciou en 1876 a Institución Libre de Enseñanza [...] a Junta para a Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907), o Institut d'Estudis Catalans (1907), ou a Residencia de Estudiantes (1910). Non creo equivocarme se afirmo que, de xeito parello ás institucións citadas, o Seminario axudou á formación dunha elite cultural que, de non ser pola ruptura de 1936, semella que estaba destinada a xogar un papel importante na Galicia. (ALFONSO MATO DOMÍGUEZ, O Seminario de Estudos Galegos, 2001)"*

*... que non sería unha tertulia literaria ao xeito ateneístico [...], senón un fogar de inquérito e espallamento do saber, cinguido, ademais, á cultura e realidade galegas. Sería co tempo, escola de investigadores, debendo recadar para elo xente nova, e ben alonxada doutra banda, do tipo de academia que ten sempre un aquel de casa de retiro para figuras ilustres." (LOIS TOBÍO, As décadas de T.L., 1994)*

[http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset\\_publisher/E4jf/content/id/189660](http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/id/189660)

## Cartel 3 • Actividades

6. O *Vocabulario popular galego-castelán* foi resultado do traballo de varios membros do SEG. En 1926 comezara a publicarse en *El Pueblo Gallego*.



- Fíxate na imaxe anterior e recupera o nome dos autores e o ano da súa publicación.

(1913-1928) da Real Academia Galega e o *Diccionario Galego-Castelán* de Leandro Carré (1928, 1931).

### O INSTITUTO DE ESTUDIOS GALLEGOS PADRE SARMIENTO

7. Le o seguinte texto:

*"O Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos estableceuse legalmente, en Santiago, o 15 de febreiro de 1944.*

*Créase, promovido polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas, para tratar de encher o baldeiro existente no panorama cultural galego como consecuencia da desaparición, en 1936, do citado Seminario de Estudos Galegos. No Instituto responsabilizouse nun principio da Sección de Historia da Arte, sendo nomeado en 1972, tras o falecemento de Francisco Javier Sánchez Cantón, director do Organismo."*


[http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira\\_valverde/ga.99000500.html](http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira_valverde/ga.99000500.html)

## Cartel 3 • Actividades

## Cartel 3 • Actividades



- Anota o nome dos persoeiros que posaron para esta fotografía.



8. Identifica a institución que tiña a súa sede no edificio cuxa fachada vemos abaixo á esquerda. Escribe tamén o seu enderezo.

9. Que relación existe entre o Seminario de Estudos Galegos e o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (en diante, IEGPS)?

- Cando e por que desaparece o primeiro?

• En que ano se crea o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento e baixo que amparo?

• Dá nomes de estudosos da humanística galega que tiveron no IEGPS o seu berce.

• O IEGPS ten a súa sede, dende o ano 2000, no antigo Hospital de San Roque. Recupera unha foto actual do edificio renacentista.

• Busca información sobre proxectos e publicacións que o IEGPS leva a cabo actualmente. Podes ir a <http://www.iegps.csic.es>

10. Filgueira Valverde participou activamente na creación do IEGPS e foi o director entre 1971 e 1981. Que outros destacados intelectuais exerceron antes e despois ca el este cargo?

### O CONSELLO DA CULTURA GALEGA

11. Le o seguinte texto:

*"O Consello da Cultura Galega, cuxa creación está expresamente contemplada no Estatuto de Autonomía de Galicia, é o resultado da súa xestión como Conselleiro, adxunto á Presidencia da Xunta de Galicia para a Cultura, no primeiro Goberno autonómico presidido por Xerardo Fernández Albor.*

*Instituído formalmente o 7 de decembro de 1983, cando xa non era Conselleiro de Cultura, formou parte do seu primeiro Plenario como personalidade galega relevante.*

*Presidírao con posterioridade, ata o seu pasamento, dende o mes de outubro de 1990."*

<http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira.valverde/ga.99000500.html>

12. Valora a participación de Filgueira na creación e potenciación das actuacións do Consello da Cultura Galega (en diante, CCG).



• Unha das máis queridas de Filgueira dentro do CCG foi a programada con ocasión do III Centenario do Nacemento de F. M. Sarmiento (1695-1772), que tantas veces abordou nos seus estudos. Anota algún que tivese como centro o sabio bieito.

• Aproveitando a visita ao Museo de Pontevedra (actividade 2, cartel 8), pregúntalle ao guía sobre os obxectos expostos que teñen que ver coa vida e a obra do ilustrado.

• O Consello da Cultura Galega desenvolve na actualidade un Programa Sarmiento. Podes ver as súas liñas de investigación e actuacións indo a <http://consellodacultura.org/sarmiento/>


## Cartel 4 • Actividades

### Achegámonos á súa obra

1. Busca o título de seis obras de Filgueira Valverde:




2. Neste andel tes 25 portadas de libros. Cales non escribiu Filgueira Valverde? Hai un en cada ringleira, márcalo e pon debaixo o seu verdadeiro autor.



PDF no web da SXPL

3. Resolve o encrucillado. Nel atoparás títulos de obras ben coñecidas do autor homenaxeado.



#### Horizontal

2. Obra editada en 1975 polo Museo de Pontevedra. Relacionada cun intelectual rianxeiro
5. Recompilación de colaboracións (1979-)
8. ... *novo de Compostela* (1969)
9. A .... no Cancioneiro da Vaticana (ensaio, 1927)
10. Guía de ... (cidade en que naceu)
13. Obra de ficción formada por 15 relatos breves. Con artigo
14. .... *ensaio simbólico, orixinal e inédito*. Con artigo (1927)
15. A súa única peza de teatro escolar galego

#### Vertical

1. Sobre ela fixo a súa tese de doutoramento
3. "pequenas refendas, en prosa poética" (1971)
4. Publicada por Bibliófilos Gallegos
6. Obra asinada por Filgueira e Fernández Oxea
7. .... "in modo antico" (1941)
11. .... Galicia e unha escolma de cantigas
12. Sobre a vida e a obra dun escritor portugués

### A recuperación editorial na posguerra



4. A Guerra Civil e a instauración do réxime franquista tiveron consecuencias desastrosas para a edición en galego. Non obstante, no ano 1949 botou a andar a editorial Bibliófilos Gallegos.

- Procura información sobre a relación de Filgueira Valverde e a dita editorial. Podes comezar mirando as dúas imaxes anteriores.
- Que novela de Carballo Calero publicou Bibliófilos?

5. Un ano despois, no 1950, pónense en marcha as viguesas Edicións Monterrey e a Editorial Galaxia. Seguramente coñeces a segunda. Coa axuda do profesor, reconstrúe as principais achegas

## Cartel 4 • Actividades

de Galaxia (colección *Grial*, revista *Grial*) e a súa contribución para a supervivencia da edición do libro galego.

6. Dende fóra de Galicia, como axudaron os exiliados galegos á continuidade da edición en galego? Coñeces *A esmorga*? E o seu autor, Blanco Amor? Viches o filme?

7. A posta en marcha da Editorial Atlántico. Trátase dunha editorial nova, dedicada á arte e orientada á promoción de publicacións de alta creatividade. Quen estivo á beira de Filgueira nesta nova empresa? Que artistas pasaron polas súas páxinas?



Presentación da Ed. Atlántico, 1980

## Cartel 5 • Actividades

### Profundamos na súa obra

1. Aproximámonos á obra de Filgueira e para iso lemos as verbas con que a presenta o Museo de Pontevedra:

*"Filgueira Valverde é autor dunha copiosísima produción científica.*

*No libro, finalmente póstumo, promovido pola Caixa de Pontevedra en 1996, co que se quería homenaxearlo con motivo do seu noventa aniversario, recóllense, por un lado, un total de 2136 publicacións, a derradeira, Os poetas de 1935, en preparación (saíu do prelo en 2008), a primeira, un artigo sobre Xelmírez aparecido en Renovación, unha revista escolar santiaguesa, o 23 de xaneiro de 1923, cando tiña só algo máis de dezaseis anos, e, por outro, neste caso unicamente ata 1995, non contabilizándose, pois, os meses de 1996 nos que viviu, 4533 intervencións en cursos e conferencias.*

*A consulta desta sorprendente obra permite afirmar que, con Galicia como protagonista inequívoca, pero non exclusiva, ningún campo do saber quedou fóra do seu interese e curiosidade.*

*É evidente tamén, non obstante, que a súa maior actividade se concentrou en determinados ámbitos: a historia, a arqueoloxía, a antropoloxía, a arte e a literatura, con destacadas incursións tamén, neste caso, no terreo da creación (prosa e poesía).*

*Non é fácil, ante tan abafante cúmulo de referencias, destacar algunha publicación de Filgueira Valverde en particular.*

*¡Son moitas, en efecto, as que, polo que supuxeron unhas veces no momento da súa aparición ou mesmo polo que comportan aínda actualmente por non ter sido superadas no esencial, as que merecerían ser sinaladas.*

*Se fose obrigada unha soa mención, a cita debería recaer sen discusión, como ten sido reiteradamente comentado, sobre todo por X. Alonso Montero, nas nove entregas da obra xenericamente titulada Adral, recompilación de artigos de alcance e significación moi dispar, rebordantes sempre de erudición, a maior parte, sobre todo os incluídos nos primeiros volumes, en xornais, particularmente en Faro de Vigo."*

[http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira\\_valverde/ga.99000500.html](http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira_valverde/ga.99000500.html)

• A continuación dámosche varios títulos que debes asociar co ámbito (historia, arqueoloxía, antropoloxía, arte) que corresponda en función do tema que trata:

*Galicia eterna, Sargadelos, A festa dos maíos, A eirexa pre-tománica de Francelos, Cancioneiriño novo de Compostela*

2. A creación literaria: *Os nenos*

• Imos deternos na súa primeira obra como creador literario. *Os nenos* foi tamén a primeira publicación promovida polo Seminario de Estudos Galegos.



- E queremos saber sobre a edición de 1925:

- Que relación ten a súa saída coa Editorial Lar?
- Cantos exemplares saen na primeira tiraxe?
- Quen ilustra o libro?
- Busca información sobre a escola de linoleografía pontevedresa e sobre Luis Pintos Fonseca.
- Cantos relatos inclúe o libro?
- Que persoa escolle para contar o narrador?

*Os nenos* de 1925 reaparece en *Quintana viva* (1971, Ed. Galaxia) sen a ornamentación de Pintos Fonseca, pero cun conto máis "O paspallás" que xa publicara a revista *Nós* no número 31 (xuño de 1926).

• Le e resume "O paspallás" e caracteriza os protagonistas.

3. A obra de teatro: *Agromar. Farsa pra rapaces*



## Cartel 5 • Actividades

- Contesta:


- Onde e en que ano se imprimiu esta peza teatral?
- Que pseudónimo utilizou? Que é un pseudónimo? Coñeces outros pseudónimos que empregase Filgueira ao longo da súa longa vida profesional?
- Quen ilustrou a capa?
- Indica no prólogo que *Agromar* é o "primeiro esteo do teatro das nosas escolas". Que quere dicir o autor?
- Como está organizada a *Farsa*?
- Como se marcan as diferenzas entre os personaxes? Que papel ten a lingua (galega e castelá)?

4. A prosa poética: *Quintana viva*

Filgueira Valverde explicaba a elección do título *Quintana viva* no *Segundo Adral*. Resumídeas despois de ler "Da "quintana"" (pp. 35-38).

• Anotade o nome das partes en que se subdivide *Quintana viva*.

• No primeiro volume de *Adral* reivindica en "Nomes galegos" (pp. 25-28): "Que os vosos fillos teñan un nome bo e un bo nome!". Que reclamará nestas verbas?




## Cartel 5 • Actividades

- Lede a sección "Os nomeandeiros" de *Quintana viva*, en particular, os contos "Un bautizante", "O alcumante" ou "O nome dela".
- Valorade o papel do alcume nos tres.
- Podedes ler tamén "Homes e nomes" (pp. 52-55) no *Segundo Adral*.

5. A colectánea de artigos dispersos: *Adral*

<http://www.filgueiravalverde.gal/estudos/item/149-indices-dos-nove-tomos-do-adral>



Afirmaba Filgueira no limiar ao primeiro volume de *Adral* que "a unidade vén dada por un fito, Galicia, e polo anxeio de servir á súa cultura".

- Comenta esta afirmación.
- Cantos volumes formaron a serie *Adral*? Cal é monográfico e a quen está dedicado? Escribe o subtítulo.
- Que papel tivo Díaz Pardo e Ediciós do Castro na saída editorial daqueles artigos diseminados polas páxinas dos xornais?

- En que ano se empezaron a publicar?
- A voz adral, que se tomou como título, aparece explicada en "Do adro" (pp. 13-16) do primeiro *Adral*. Anota o seu significado.
- Valorade o escrito por Filgueira a finais da década dos setenta e comezos dos oitenta.
- Sobre "A lingua e a cultura" (*Segundo Adral*, p. 20):

*"Dende os tempos de Sarmiento, egrexios escritores e namorados da súa Terra están querendo facer comprender ás xentes que a lingua é a testemuña da nosa personalidade, que "Galicia é a fala", que a súa merma ou desprestixio é o de todos nós e que a súa beleza, a cultura do seu cultivo, os froitos vizosos das súas letras son a meirande honra do noso pobo. Moitas sementes teñen caído en coñal e non en terra fatureira."*

- Sobre "O galego verdadeiro" (*Segundo Adral*, p. 23):

*"... se o que pedimos aos escritores, vellos ou mozos, neste intre en que a lingua ferve e fume, é un galego óptimo, acabado, requintado, fixo i "esgrevio", pedimos un imposible. Arrisco-me a decir que non houbo nin o haberá; porque, como en tódolos idiomas, teremos tantos falares como galegofalantes, como escritores, como bisbarras, como quinteiros."*

- Valorade, coa axuda do profesor, o seu papel a prol dun uso normal da lingua galega e dunha normativización necesaria. Lembra o apuntado na actividade 4 do cartel 3.

## Cartel 6 • Actividades

### Filgueira Valverde como investigador e divulgador da lírica medieval galego-portuguesa

1. As obras que incluímos deseguido son froito dunha das liñas de investigación máis queridas por Filgueira, a pescuda e análise das cantigas medievais galego-portuguesas.



- Incorpora estes dous títulos na relación seguinte e ordena cronoloxicamente, coa axuda do profesor, os cinco estudos sobre lírica medieval da súa autoría:

- *Sobre as cantigas de Martin Codax*
- *A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana*
- *Cantigas d'El-rey Sabio localizadas na Galicia. San Ero de Armenteira.*

- 1-
- 2-
- 3-
- 4-
- 5-

2. A mediados de novembro de 1935, Filgueira Valverde leu a súa tese de doutoramento centrada no estudo da cantiga CIII das *Cantigas de Santa María*.

- Busca información sobre as *Cantigas de Santa María* e o seu autor Afonso X o Sabio.
- E para saber máis sobre a cantiga CIII:

Escoitamos:

Afonso X, "Cantiga CIII de Santa María":

<http://youtu.be/3z7Q5y-AKfs>

"El Canto de la Pajariña" de Eduardo Paniagua, Música Antiga.

<http://youtu.be/6KqEs6x5tUo>

"Alfonso El Sabio: Cantigas de Santa María - Quen a Virgen ben servira" de Catherine Bott.

<http://youtu.be/7yEmKQVbinY>

"Quen a Virgen (CSM 103 - instrumental)" de The Dufay Collectiv.

<http://youtu.be/3HIBp2VEEmY>

"Quen a Virgen ben servira" de Ensemble Alcatraz.

Miramos:

[http://cantigas.webcindario.com/cantigas/cantiga103/cantiga\\_103.htm](http://cantigas.webcindario.com/cantigas/cantiga103/cantiga_103.htm)


E lemos:

[http://cantigas.webcindario.com/cantigas/cantiga103/cantiga\\_103.htm](http://cantigas.webcindario.com/cantigas/cantiga103/cantiga_103.htm)

## Cartel 5 • Actividades

3. Noutro momento significativo da súa vida académica, como foi o seu ingreso como membro de número da Real Academia Galega (27/07/1941), elixiu un discurso que versou sobre a época medieval.

- Recupera o título:
- Fíxate na imaxe e responde: en que ano se edita?



4. A Real Academia Galega con ocasión do Día das Letras Galegas rendeu-lles homenaxe a algúns trobadores e xogares medievais. Saberías dicir a quen e en que ano?

5. No 1958 Filgueira Valverde amosou interese como investigador polo mundo devoto e festivo das "poesías de santuario" medievais.

A continuación facilitámosche unha relación de xogares e segreiros coñecidos polas súas cantigas de romaría.

Debes relacionar cada autor co santuario ao que se adscribe a súa cantiga:

- |                     |  |
|---------------------|--|
| • Nuno Treez        | • San Simiom (ermida de San Simón)               |
| • Mendinho          | • Santa María do Faro                            |
| • Johan de Cangas   | • San Cremenço do Mar                            |
| • Martin Codax      | • San Mamede do Mar                              |
| • Johan de Requeixo | • Vigo (Santa María de Vigo ou Santiago de Vigo) |

Escoitamos:

"Sedia-m' eu na ermida de San Simi3n" de Mendinho

<http://youtu.be/gxZkZjqQTOY>  
(Doa)

<http://youtu.be/1GLxpPxfzR8>  
(Amancio Prada)

<http://youtu.be/0W7v3Kx6T6k>  
(Xosé Quintas, Eloy e Anxel, Por que no mundo menguou a verdade, 1978)

<https://www.youtube.com/v/nw3QQwBqv-Qs%26rel=0>  
(Los Watios)

"Eno sagrado, en Vigo" de Martin Codax

<http://youtu.be/4Aa0a8bv4d8>  
(de Gothart)

"Fui eu, madr', en romaría a Faro con meu amigo" de Johan de Requeixo

<http://sondepoetas.blogspot.com.es/2008/05/fui-eu-madr-en-romaria-faro-con-meu.html>

### Filgueira Valverde como creador

6. Filgueira Valverde foi tamén un creador, un poeta que "trobou ao xeito dos trobadores e xogares medievais".

Seguindo o modelo das cantigas medievais compuxo *Seis canciones de mar "in modo antico"* que se publicou no ano 1941.

## Cartel 6 • Actividades

As *Seis canciones de mar "in modo antico"* están localizadas na ría de Pontevedra, nun santuario, o de "San Clemenço do Mar" (Santa María de Ardán, Marín).

O xograr Nuno Treez tamén escollera esta ermida consagrada a san Clemenço para as súas catro cantigas de romaría.

- Identifica o autor (Nuno Treez ou Filgueira Valverde) de cada unha das seguintes composicións:

*Porque non seca a morte a fonte das cantigas eu vos chamo, segreles, que veñades cantar onde os verdes loureiros gardan vellas ermidas, cabo das sabias ondas sulcadas do luar, das insuas da ribeira nun antigo lugar, ¡San Cremenço do mar!*

### San Clemenço do mar

*San Clemenço do mar, se mi d'el non vingar, non dormirei.*

*Se mi d'el non vingar, do fals'e desleal, non dormirei.*

*San Clemenço, senhor, se vingada non fôr, non dormirei.*

*Se vingada non fôr, do fals'e traedor, non dormirei.*

• Filgueira Valverde convocara os segreiros para que acudisen cantar e as mozas para que fosen bailar. As cantigas medievais tamén foran concibidas para o canto e o baile.

7. Máis sobre as *Canciones de mar "in modo antico"*

- Primeiro, descargamos a obra poética: <http://www.filgueiravalverde.gal/estudios/item/154-seis-cantigas-de-mar-in-modo-antico-por-xose-filgueira-valverde>

- E respondemos logo:

- Quen eran os segreiros?
- Que diferenza observas entre o trobador, o xograr e o menestrel á hora da creación e a difusión das cantigas?
- Cal era o papel que se lles reservaba ás mulleres no espectáculo?

Podes ler tamén: "Segreles e ichacorvos" no *Segundo Adral* (1981), pp. 173-176.

• Comenta a afirmación extraída do artigo anterior e saída da man de Filgueira:

"O mester dos nosos "segreles" das cantigas de amigo era máis outo e máis nobre, anque tamén fose pagado". (p. 176)

• A quen lle dedicou Filgueira Valverde as *Seis canciones de mar "in modo antico"*? Coñeces a razón desta dedicatoria? (Unha pista: Filgueira dixo del: "... descubriu un día para los poetas la isla de San Cremenço, que sólo conocían los eruditos").

## Cartel 6 • Actividades

8. As cantigas medievais, sobre todo as de amigo (mariñas ou barcarolas, de romaría, bailadas, albas), servíronlles de inspiración a algúns poetas do século XX (neotrobadorismo). Entre eles estaba Filgueira.

- Comparede, coa axuda do profesor, a canción 4 de Filgueira coa cantiga "Eno sagrado, en Vigo" de Martín Codax.

### Seis canciones de mar "in modo antico". c. 4

Bailemos, ai ledas,  
raiar de San Johán,  
so ramos d'estrelas,  
nas portas do vran.

Bailemos, doncelas,  
na crara mañán,  
nas portas do vran,  
cantar de quincelas.

Bailemos, ai ledas,  
raiar de San Johán,  
cantar de quincelas,  
fogueiras no chan.

Bailemos, doncelas,  
na crara mañán.

- Procurade o texto doutras bailadas: "Bailemos nós ja todas tres, ai amigas" de Airas Nunez ou "Baylemus agora, por Deus, ay velidas" de Johan Zorro.

Escoitamos:

"Eno sagrado, en Vigo" de Martín Codax

<http://youtu.be/4Aa0a8bv4d8>  
(de Gothart)

### "Eno sagrado, en Vigo"- Martín Codax

Eno sagrado, en Vigo,  
baylava corpo velido:  
Amor ey!

En Vigo, no sagrado,  
baylava corpo delgado:  
Amor ey!

Baylava corpo velido,  
que nunca ouver'amigo:  
Amor ey!

Baylava corpo delgado,  
que nunca ouver'amado:  
Amor ey!

"Bailemos nós ja todas tres, ai amigas" de Airas Nunez

<http://sondepoetas.blogspot.com.es/2008/06/bailemos-ns-ja-todas-tres-ai-amigas.html>  
(Miro Casabella)

<http://youtu.be/nSy06gb3iPY>  
(Ensemble Alcatraz)

<http://youtu.be/rllK1QxYinM>  
(The Dufay Collective)

"Baylemus agora, por Deus, ay velidas" de Johan Zorro

<http://youtu.be/Os6yHYilcwK>

9. Comparede, coa axuda do profesor, a canción 5 de Filgueira coa cantiga "Per ribeyra do río" de Johan Zorro.

### Seis canciones de mar "in modo antico". c. 5

Da ribeira do río  
vin chegar un navio,  
ai amor,  
que me trouxo o sino.

Da ribeira do alto,  
vin entrar o trincado,  
ai amor,  
que me trouxo o fado.

### "Per ribeyra do río" Johan Zorro

Per ribeyra do río  
vi remar o navio,  
e sabor ey da ribeyra.

Per ribeyra do alto  
vi remar o barco  
e sabor ey da ribeyra.

10. Comparede, coa axuda do profesor, a canción 6 de Filgueira con cantigas populares tradicionais

## Cartel 6 • Actividades

que honren a Virxe da Barca de Muxía e co poema rosaliano de *Cantares gallegos*.

### "Seis canciones de mar "in modo antico". c. 6

Nosa Señora da Barca  
eu ben a vin no sol posto;  
ten unha rosa na man,  
outra mazán do rostro.

Nosa Señora da Barca  
eu ben a vin no sol novo;  
ten unha estrela no mar,  
outra dormida no colo.

- Anotade previamente os textos.

- Podedes ler tamén "Federico García déixase ver na romaxe da Nosa Señora da Barca e os poetas anterigos e novos acoden para velo e darlle a benvida entre unha sinfonía de cores e música das gaitas" (Gregorio San Juan, *Poetas alófonos* pp. 269-271).

Escoitamos:

A Virxe da Barca de Muxía

<http://youtu.be/RoCJrdAPUGI>  
(Amancio Prada)

<http://youtu.be/aHzHwuh8Jnc>  
(Marful musica a Lorca "Romaxe da nosa señora da Barca")

<http://youtu.be/FTBVzM30g6Y>  
("Nosa Señora da Barca" de Rosalía de Castro, voz Osvaldo Lavallós)

## Cartel 6 • Actividades

<http://youtu.be/SqdPkuDbd9Q>  
(Luar Na Lubre)

<http://youtu.be/k5rQG8POZ54>  
(CEP Campolongo de Pontevedra)

11. A investigadora Camiño Noia (1998: 412) sinalou, en relación co neotrobadorismo en *Seis canciones de mar "in modo antico"*: "iniciar a andaina creativa trobando ó xeito dos antigos, imitando os motivos, as formas métricas e, por veces, a un autor en particular (...) viña alicerzar a poesía galega nun pasado remoto e dar pulos de anovamento a unha literatura asolagada no ruralismo, como era a galega de finais do XIX."

Os poetas que incluímos a continuación van trobar no século XX imitando os motivos e as formas métricas dos cancioneros medievais. Formarán parte da corrente denominada neotrobadorismo.

- Relaciona o autor coa súa obra:

- |   |   |
|---|---|
| • Fermín Bouza-Brey                     | • <i>Cancioneiro de Monfero</i>                 |
| • Álvaro Cunqueiro                      | • <i>Primeiras cantigas de amor</i>             |
| • Xosé Díaz Jácome                      | • <i>Seis canciones de mar "in modo antico"</i> |
| • Xosé Filgueira Valverde               | • <i>Cómaros verdes</i>                         |
| • Aquilino Iglesia Alvariño             | • <i>Nao senlleira</i>                          |
| • Xosé M. <sup>a</sup> Álvarez Blázquez | • <i>Cantiga nova que se chama riveira</i>      |

• Investiga e pon á beira de cada título a data de publicación.

Escoitamos:

Álvaro Cunqueiro - *Cantiga nova que se chama riveira*

<http://youtu.be/LZD2RENV0XI>  
(Luis Emilio Batallán)

<http://youtu.be/cHNq9VCCOTE>  
(Milladoiro)

<http://youtu.be/UJpm.8TU7o20>  
(Amancio Prada)

<http://youtu.be/ScXcoTGBkik>  
(Xoel López)

<http://youtu.be/NfKhYSaC-sM>  
(CEIP Juan Fernández Latorre, A Coruña)

"Polos teus ollos quen pasou, amiga"

<http://sondepoetas.blogspot.com.es/2009/10/polos-teus-ollos-quen-pasou-amiga.html>

Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez - *Cancioneiro de Monfero*

<http://youtu.be/uBVRoVMMu2U>  
(Acto académico-escolar do 5 de febreiro de 2015, con ocasión do centenario de Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, celebrado na Fundación Penzol con alumnos e alumnas do IES Alexandre Bóveda, Vigo. Cantan poemas do autor).

Fermín Bouza-Brey - *Nao senlleira*

<http://youtu.be/3meljS0-pt4>  
(Música: Roberto R. Oriolo)

## Cartel 6 • Actividades

12. Indica a que obra das citadas na actividade primeira pertencen estes poemas neotrobadorescos:

LELIÁS AO TEU OUVIDO

*O pumariño da noite quer froitificar estrelas.  
O tanger de ista cantiga é a sinal para alcendelas...  
-ai meu amor!-  
.. é a sinal para alcendelas.*

SI A MIÑA SEÑOR Á I-ALBA DE AROUSA BEILAR

*Si a miña señor á i-alba da Arousa beilar  
poñereille, belida, un ventíño no mar.  
A dorna vai e vén  
que meu amor ten!*

UN LOUREIRO ESGUÍO

*Un loureiro esguío  
i-un cantar antigo,  
no Santo do Mar.*

NAUFRAXIO

*Na barca da lúa iba  
-marinheiro namorado-  
tras dunha esquivia estrelíña  
¡Ai amor que ronsel craro!*

SOB AS AVELANEIRAS

*Nas pradelas de Outeiro viras roseiras de auga.  
Gurgullaba o silencio por cen toupeiras craras,  
Ai, o sol polas veigas,  
con froles amarelas!*

RIANDIÑO, IOGRAR

*Amigas, quando vier  
meu amigo demandar  
por mí, que vaia veer  
se estarey ante o altar  
de Santa Comba, ú m'él viu  
o día que se partíu.*

## Cartel 7 • Actividades

### Pontevedra (1)

1. Sobre a súa actividade política, destaca o web do Museo de Pontevedra:

*"Non foi o de Conselleiro o único cargo relevante de carácter político que ostentou Filgueira Valverde durante a súa vida.*

*Moito antes, entre 1959 e 1968, fora xa Alcalde de Pontevedra. Aínda máis atrás, entre 1931 e 1936, desenvolvera así mesmo unha moi intensa actividade política, primeiro en relación co Partido Galeguista (foi elixido Secretario Técnico na Asemblea Constituínte do Partido celebrada en Pontevedra a principios de decembro de 1931, permanecendo no cargo algo máis de dous anos), con posterioridade en Dereita Galeguista, Partido nacido en 1935 dunha escisión, explicable por razóns ideolóxicas e estratéxicas, do anterior."*

[http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira\\_valverde/ga.99000500.html](http://www.museo.depo.es/persoeiros/filgueira_valverde/ga.99000500.html)

- Responde:

- Que cargos políticos de relevancia desempeñou á vista do texto anterior?
- No referente á súa actividade política destácase a súa pertenza ao Partido Galeguista, á Dereita Galeguista de Pontevedra, pero coñeces a súa vinculación co Partido Galeguista de Dereitas e a súa participación na campaña do Estatuto de 1936?
- En que data exacta se votou o Estatuto de autonomía de 1936?

- No Museo de Pontevedra está o cartel propagandístico a favor do SI asinado por ..... (completa). Repara na actividade 2 do cartel 8.

- Sublíñase acotío de Filgueira o seu afervorado catolicismo. Que vínculos tivo con *Logos. Boletín Católico Mensual*?

- En que período foi alcalde de Pontevedra?

- Mira o cartel 7 e recolle as principais achegas do seu labor como rexedor municipal da cidade de Pontevedra.

### Coñecer Pontevedra, amar Pontevedra

2. Para coñecer a Pontevedra de Filgueira Valverde.


- Traza a ruta filgueirá pontevedresa, debes marcar os seguintes puntos de interese: a praza do Peirao, hoxe casa natal rúa Arcebispo Malvar, o Instituto (Valle-Inclán, Sánchez Cantón), o Museo de Pontevedra, a Basílica de Santa María e as ruínas de San Domingos.

Axúdate dun plano actual:

<http://turgalicia.es/presentacion-de-pontevedra>

3. Sobre a *Guía de Pontevedra* (1931)

Esta guía inclúe unha ruta pola Cidade do Lérez con catro itinerarios nos que se propón a visita a puntos históricos de interese e se fai un breve resumo dos acontecementos históricos que converteron eses lugares en destacables.




- Deseña ti un percorrido polo lugar no que vives e selecciona catro puntos que esperten a túa curiosidade e che resulten importantes, procurando datos sobre a súa historia.

Indica, ao xeito de Filgueira, os quilómetros da ruta e o tempo aproximado que pode levar facela.

4. A *Guía de Pontevedra* pon, así mesmo, á disposición dos seus lectores cinco excursións pola provincia:

- 1.ª A península do Morrazo
- 2.ª A terra do Salnés
- 3.ª Pontevedra-Ponte Sampaio-Redondela-Vigo-A Guarda-Tui-Gondomar-Vigo-Pontevedra
- 4.ª O castelo de Soutomaior e Mondariz
- 5.ª O Camiño de Santiago pola Ulla

- Describe o trazado que propón o autor para as excursións 3 e 4.



PDF no web da SXPL

- Corrixe, se fose preciso, a toponimia incorrecta. Para ver as formas oficiais, podes ir a <http://www.xunta.es/nomenclator>

## Cartel 7 • Actividades

- Propón para a túa provincia e comarca unha ruta que poderíades realizar nunha excursión posterior.

- Ao final da súa guía, Filgueira proporcionáballe ao viaxeiro unha serie de datos que se poderían tornar útiles, como os horarios e rutas de autobuses e trens, días de feira e festas típicas, lugares de veraneo con hoteis e prezos etc.

- Fai ti o mesmo e completa a túa proposta anterior de saída.

A *Guía de Pontevedra* está ilustrada con fotos dos lugares que se poden visitar e os seus monumentos.

- Seguindo o deseño de Filgueira, tira fotos e inclúeas como anexo á actividade anterior.

Velaquí unha relación de establecementos comerciais publicitados na guía e que talvez contribúisen á súa publicación:



- Busca patrocinadores, preferentemente locais, que che poidan axudar a levar a bo termo a excursión que programaches.

## Cartel 8 • Actividades

### Pontevedra (2): Novas iniciativas, vellos compromisos

#### 1. O Museo de Pontevedra: a súa creación e historia. Filgueira no Museo

"O Museo de Pontevedra xorde, por iniciativa da Deputación Provincial, daquela presidida por Daniel de la Sota, o 30 de decembro de 1927.

Filgueira, estreitamente relacionado co grupo que promovía a súa creación, concibida para dar continuidade ao fecundo labor da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, foi designado Secretario do seu Padroado fundacional, constituído formalmente o 30 de xaneiro de 1929."

Xunto a De la Sota, compoñiano, entre outras, personalidades tan senlleiras como Casto Sampedro, o primeiro director da entidade (fora antes a alma mater da citada Sociedade Arqueolóxica), Castelao, Losada Diéguez ou Sánchez Cantón.

O Museo será, sen dúbida, a iniciativa de máis empeño da súa longa e frutífera vida.

A el, en postos e cometidos diferentes (dirixiuno entre 1940 e 1986, sendo o máximo responsable da súa plena consolidación e proxección), estará vinculado ata o momento do seu falecemento, acaecido na mesma cidade e na mesma casa na que nacera, o 13 de setembro de 1996."

[http://www.museo.depo.es/persoeiros/ga\\_99000000.html](http://www.museo.depo.es/persoeiros/ga_99000000.html)

• As seguintes fotos retratan a historia do primeiro edificio que acolleu o museo en tres momentos

do século XX. Obsérvaas e describe os cambios. Que mudanzas puido ver o seu director, Filgueira Valverde, entre 1940 e 1986?



1900



1929



2000

## Cartel 8 • Actividades

No *IV Adral* (p. 121), dedicado á memoria de Castelao, poderás sentir, ao ler o fragmento seguinte, o desacougo do rianxeiro porque "a casa resultase algo perfecto, coma unha cristalización".



«Yo creí que estaría la casa muy bien bajando el muro mucho y con camelios o con la pérgola que a Raimundo le gusta mucho; pero dice Eloy (Maquieira), y a mí me lo hizo ver con mucha claridad, que puesta al descubierto la pared de la casa que da al N. le da al total un aspecto que deshace el estilo de esta clase de edificios, puesto que resulta una casa demasiado estrecha y de demasiado fondo. Tal como está ahora con el *alpendre* no resulta bien pero dice Eloy que le conviene a la casa dejarle por lo menos un muro alto a fin de que aparezca una base ancha. La parte que va marcada en el dibujo con puntos (a) es de perpiño y lo que está por encima es de sillería (esa parte está cubierta por el *alpendre*). La cornisa de piedra está doblada al llegar a la pared que sale del lado S. en donde está el balcón lateral como diciendo que allí termina; pero en el lado N. termina a un metro o poco más del frente siguiendo después otra cornisa diferente. Parece como si el lado N. estuviese sin terminar. ¿No es necesario mirar mucho a la casa de al lado, la de la Normal, para comparar detalles? En fin; tú piensa en esas cosas que te digo y dale o no importancia. Ya te iré diciendo todo lo que aparezca y se le ocurra a los demás o a mí. Después tú hablas como debes hablar con autoridad, porque de lo contrario estamos perdidos. Ya no puedo escribir más. Es el primer trabajo que realizo desde hace muchos meses. Te abraza tu buen amigo. Castelao. Pontevedra, 22 de febrero 1928».

Carta de Castelao a Sánchez Cantón sobre a restauración da casa Castro Monteagudo do Museo

129

Outra das teimas de Castelao referente ás obras no museo era o balcón sur e o tellado, fíxate como o resolveu. Continúa lendo na páxina 127 e seguintes.




1924

2010

## Cartel 8 • Actividades

## Cartel 8 • Actividades



- Elabora un resumo arredor de como concibía Castelao a restauración da casa Castro Monteagudo.

### 2. O Museo de Pontevedra na actualidade

- Programade unha visita ao Museo de Pontevedra
- Bosquexade unha ficha en que figuren os datos relevantes á hora de programar a saída e visita a un museo:

- Horario de apertura ao público
- Duración da visita
- Itinerarios na visita (minutos) e carácter (xeral ou temático)
- Nivel educativo para o que está recomendado
- Contacto para concertar a visita (teléfono, e-mail)
- Modelo de solicitude
- Envío da solicitude: enderezo ao que se debe remitir, días de antelación
- Axudas de desprazamento: petición e tramitación

Para deseñar unha saída ao Museo de Pontevedra, obterás os datos que precisas indo a:  
<http://www.museo.depo.es/gabinete.didactico/ga.07010000.html>

- Achegádevos ao Sexto edificio

Poderedes participar no PROGRAMA FILGUEIRA VALVERDE 2015:

- Visitar as exposicións:

1. "Filgueira Valverde 1906-1996. Un faro na construción de Galicia" (entre o 24 de abril e o 24 de maio). Visita guiada.
2. "Filgueira Valverde a través das coleccións do Museo de Pontevedra". Visita comentada.

- Asistir ao teatro:

No salón de actos do Museo de Pontevedra, o grupo de teatro Arume poñerá en escena *Agromar. Farsa pra rapaces* o sábado 16 de maio.




Foto de Xurxo Lobato

Na RAG, 17 de maio de 1995

- "Castelao no Museo de Pontevedra". Visita dinamizada á colección de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Calquera destes percorridos oférense de martes a venres en horario de museo (de 10 a 21 horas). Para a reserva é preciso contactar co gabinete didáctico.





# Cartel 10 • Actividades

# Cartel 10 • Actividades

## Toda unha vida dedicada a Galicia

### 1. Como dicía Filgueira no "Limiar" do *Segundo Adral*:

"Dareime por ben satisfeito se pode sumar algo á vosa "cencia e concencia de Galicia".

- E nós dariámonos tamén por satisfeitos se puideses recompoñer a esta altura o álbum de imaxes co seu pé correcto. Lembra que este é un repaso por todas aquelas empresas culturais ás que Filgueira Valverde se sumou ao longo dos seus 90 anos de vida.

Instituto de Segundo Ensino de Pontevedra (1915)	SEG. Primeiro curso de Literatura Galega na USC (1933)	Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (1944)
Académico da Real Academia de la Historia (1981)	Conselleiro de Cultura (1982)	Presidente do Consello da Cultura Galega (1995)
No Museo de Pontevedra co príncipe Juan Carlos (1957)	Cos antigos membros do Seminario de Estudos Galegos (1954)	Escavacións na Lanzada con Álvaro D'Ors (1955)
No Museo de Pontevedra (1990)	Cos irmáns na galegitude	Doutor <i>honoris causa</i> pola Universidade de Vigo (1996)



# Bibliografía

## DO AUTOR

*Adral* (vol.1- IX) (1979-1996): Sada, Eds. do Castro.

*Agromar: farsa pra rapaces* (1936): Lugo: Palacios.

*Guía de Pontevedra* (1931): Pontevedra: Álvarez Gallego.

*Os nenos* (1925): Pontevedra: Lar.

*Os poetas galegos (1936). Antoxía consultada* (2008): Acuña, A.-Alonso Montero (eds.). Pontevedra: Museo de Pontevedra, Fundación Filgueira Valverde.

"Poesía de santuarios", *Compostellanum*, v. VIII, núm. 4, out-dec. 1958, 241-286.

*Quintana viva: prosas* (1971): Vigo: Galaxia.

## BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA PARA ELABORAR A GUÍA

Alonso Montero, X. (2007): "Un inédito de valor extraordinario do profesor Filgueira Valverde: a "Escolma da lírica galega contemporánea (1936)" unha antoloxía consultada, *V Memorial Filgueira Valverde: iniciativas culturais*. Pontevedra: Cátedra Filgueira Valverde, pp. 9-43.

Alonso Montero, X.-Salgado, X. M. (eds.) (1993): *Poetas alófonos en lingua galega: actas do I Congreso*. Santiago de Compostela, abril de 1993.

Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Vols. I e II*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades.

Brea, M. (2002): "Xosé Filgueira Valverde e as Cantigas de Santa María", *Memorial Filgueira Valverde*. Pontevedra: Cátedra Filgueira Valverde, p. 9.

Casares, C. (1992): *Antoloxía da novela curta*. Vigo: Xerais. 2ª. ed.

Castelo Tettamency, M.ª C. [et al.] (1997): *O instituto de Pontevedra: século e medio de historia 1845-1995*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, Servizo de Publicacións.

# Bibliografía

Castro, P. (1993): *Antoloxía da poesía neotrobadoresca*. Vigo: Galaxia.

Fortes Alén, M.ª X. (1996): *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía-Traballos-Eloxios*. Pontevedra: Caixa de Aforros de Pontevedra.

López, T. (1997): *O neotrobadorismo*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

Mato, A. (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro.

Noia Campos, C. (1998): "O neotrobadorismo das *Seis canciones de mar "in modo antico"*", *Museo de Pontevedra* LII (1998), 411-426.

Ochoa, D.; Miller, V. (1999): "O Neotrobadorismo", *Galizien Magazin* 7 (Mai 1999), 5-11.

Pena, X. R. (2013): *Historia da literatura galega I*. Vigo: Xerais.

Valle Pérez, J. C. (ed.) (2007): *Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, Museo de Pontevedra, Ministerio de Cultura, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.

Valle Pérez, J. C. (coord.) (2007): *V Memorial Filgueira Valverde: iniciativas culturais*. Pontevedra: Cátedra Filgueira Valverde.

## BIBLIOGRAFÍA EN REDE

<http://www.filqueiravalverde.gal/>

<http://www.filqueiravalverde.gal/biobibliografia>

<http://www.realacademiagalega.org>

<http://www.museo.depo.es>

<http://www.culturagalega.org/>

<http://www.turgalicia.es/presentacion-de-pontevedra>

# Bibliografía

[http://diadasletrasgalegas.galiciadigital.com/homenaxeado/xos-fernando-filgueira-valverde\\_2015](http://diadasletrasgalegas.galiciadigital.com/homenaxeado/xos-fernando-filgueira-valverde_2015)

<https://www.youtube.com/watch?v=t0wSg33fcT0&feature=youtu.be>

## PARA ELABORAR OS CARTEIS

O fondo fotográfico utilizado na elaboración de todo o material pertence ao arquivo da familia Filgueira. Contouse coa autorización expresa para a súa utilización e difusión nesta guía e carteis impresos e para a versión web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.





galicia

